## GUÍA DE RECICLAXE DE PLÁSTICOS

Existen 80.000 resinas plásticas diferentes agrupadas en 7 categorías.

**01 PET**
- Botellas de bebida
- Botellas de auga
- Envases de aceite
- Prendas de roupa



**02 PEAD**
- Bolsas de supermercado
- Utensilios de limpeza



**03 PVC**
- Tubos e canos
- Cables eléctricos
- Envases de deterxentes



**04 PEBD**
- Manteis
- Bolsas de lixo
- Envoltorios
- Envases de cremas e xampús



**05 PP**
- Biberón
- Tapas de botellas
- Vasos non desbotables
- Tuppers



**06 PS**
- Vasos, pratos e cubertos desbotables
- Envases de iogur, xeado, manteiga...



**07 OUTROS**
- Teléfonos
- Xoguetes
- Artículos médicos



# EXPE RIEN CIAS **SOS** TIBLES

dicimos **NON** aos plásticos

commerceinside.es

atuaman.es

Financiado por la Unión Europea NextGenerationEU

Ministerio de Industria, Comercio y Turismo

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Deputación Pontevedra

Axenda 2030

Da túa man Commerce inside

## CANTO TARDA EN DEGRADARSE O PLÁSTICO?




O plástico necesita unha media de 450 anos para lograr a súa descomposición.

Desde a súa invención, na segunda metade do século XIX, aínda ningún plástico puido eliminarse totalmente.

## O NOSO PLANETA ESTASE PLASTIFICANDO

**Nos últimos 10 anos produciuse máis plástico que en todo o século pasado.**



A cantidade de plástico dun só uso que se xera é desproporcionado, sendo moi pouco o que se recicla ou reutiliza de novo.

Ademais, a súa durabilidade na natureza é moi elevada, sendo a súa degradación moi lenta; descompoñéndose en partículas diminutas que facilmente entran na cadea alimenticia humana pola inxesta da fauna mariña. Mesmo se atoparon restos de plástico na auga potable e no sal mariño.

É dicir, a día de hoxe, a contaminación chega a todos os recunchos da Terra...

## PENSA GLOBALMENTE, ACTÚA LOCALMENTE

**Cada ano o mundo usa 500 mil millóns de bolsas de plástico,** das cales se supoñen que case 13 millóns de toneladas de plástico terminan nos océanos, o equivalente á descarga dun camión de lixo cada minuto.

Como consecuencia, estímase que máis dun millón de animais morren anualmente.

Países como España, Canadá, Estados Unidos e Gran Bretaña exportan residuos plásticos a varios países de Asia e África, trasladando os seus problemas de lixo a outras comunidades.



O 30% dos plásticos dos océanos creou 5 illas, 2 no Pacífico, 2 no Atlántico e 1 no Índico. E o 70% do resto do plástico dos océanos acumúlase nos leitos mariños.

## 7 CONSELLOS PARA VIVIR CON MENOS PLÁSTICO

**01** Non compres auga en botella; enche sempre unha botella reutilizable.

**02** Evita palliñas, cubertos e envases desbotables.

**03** Compra verdura e froitas sen envasar, e alimentos a granel.

**04** 3R — Reduce, reutiliza e recicla. A norma das “3 erres” é fundamental para evitar a excesiva xeración de residuos.

**05** Leva a túa propia bolsa para ir comprar.

**06** Evita os produtos con microplásticos.

**07** Reduce a roupa fabricada con teas sintéticas.